PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO TRÁMITE URXENTE CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICION DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA DE CEMIT DE REFERENCIA DE AMES.

1.- OBXECTO

O presente prego constitúe o conxunto de condicións, normas, especificacións e características mínimas esixibles para a contratación do servizo de execución dos traballos necesarios para levar a cabo a xestión e impartición da programación de accións formativas que se vaian a impartir na aula CEMIT de referencia sita na Casa da Cultura de Bertamiráns, Pz. de Chavian, s/n, (Ames).

2.-OBXECTO E CONTIDO MÍNIMO DO CONTRATO.

C.I.F.: P – 1500200 – I

1.- O obxecto da contratación resultante do procedemento ven constituído pola necesidade de contar con empresario ou empresa especializada na imparticion e xestión de accións formativas relacionadas coa acción a contratar así como o asesoramento e apoio na aula aberta dentro dun horario.

Os requisitos principais que se establecen para os empresarios ou empresas participantes son:

- Estar en posesión da seguinte titulación:
  - Titulación de Formación Profesional en Informática.
- Posuir experiencia na impartición de accións formativas para a posta en práctica de iniciativas orientadas a impulsar as TIC e a sociedade de información, como mínimo de 6 meses.

2.- Obxectivos e obrigas:

- Promoción do uso das TIC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas ás necesidades dos colectivos.

- Dinamizar as PEMEs e microPEMEs amosándolles as vantaxes da SI e formándoos nas TIC.

- Planificación, imparticion, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas...

- Xestión da aula: atención aos/as usuarios/as, xestión da documentación, inscrición de usuarios/as, emisión de certificados...

-Coidar do cumprimento por parte dos/as usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.

- Aportación de datos de seguimento e avaliación das actividades.

- Atención de forma personalizada aso/as usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, facilitándolles o acceso ás TICs dun xeito doado, a vez que lles resulte proveitoso na súa vida diaria.

- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.

- Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadáns) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade de Información da cidadanía.

- Colaboración na aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no seu concello da nova Rede CeMIT.

- Poñer en marcha estratexias encamiñadas a que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello.

- Estender o coñecemento e uso por parte da cidadanía dos servizos públicos dixitais das administracións públicas galegas.

2.- O presuposto máximo total para esta contratación ascende a 15.000 €, incluíndo todos os impostos.

3. CONDICIÓNS XERAIS DE EXECUCIÓN.

1.- A duración inicial do contrato será dende o momento da súa sinatura rematando a todos os efectos o 31/12/2017, sen posibilidade de prorrogas.

Durante o seu desenvolvemento, o adxudicatario deberá presentar un informe trimestral, sobre a marcha das accións formativas ao Concello de Ames, así como calquera outra documentación necesaria para a vixilancia e fiscalización dos fondos. Dito informe incluirá o resultado da asistencia e participación dos alumnos, ademais, de ser o caso, do resultado nas probas de avaliación.

2.- Os cursos serán impartidos na localidade de Bertamiráns, a través da aula CeMIT sita na Casa da Cultura, Pz. de Chavian, s/n, Bertamiráns, (Ames) segundo o programa mínimo establecido nos Prego de Clausulas Administrativas Particulares.

3.- O Concello de Ames poderá establecer un nivel mínimo de calidade a acadar por parte do contratista no transcurso das accións, reservándose a potestade de realizar directamente un control de calidade, en calquera momento, e para todos os casos en que se estime oportuno.

4.- O/a adxudicatario/a deberá realizar a xestión administrativa propia e necesaria deste tipo de accións formativas.

5.- O adxudicataria comprométese á apertura da aula cun mínimo de 7,5 horas diarias (37,5 horas semanais) en horario de mañán e tarde, permanecendo pechada no mes de Agosto por vacacións.

6.- O adxudicatario comprométese a gardar a máxima reserva e segredo sobre a información clasificada como confidencial. Considerarase información confidencial calquera dato ao que a adxudicataria acceda en virtude do presente contrato, en especial a información e datos propios do Concello de Ames ou de outras persoas, físicas ou xurídicas, aos que cederá durante a execución do mesmo.

A adxudicataria comprométese a non divulgar dita información confidencial, así como a non publicala nin difundila de calquera outro modo, ben de forma directa ou ben a través de terceiras persoas ou entidades.

4. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE EXECUCIÓN.

Os cursos serán a actividade formativa principal da aula. Serán de carácter práctico, e pola súa natureza ao abordar unha temática definida, terán unha curta duración. Os cursos a impartir deberán axustarse ás pautas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) para o ano 2017 e sucesivos, e a planificación será flexible, debendo axustarse para dar resposta á realidade sociocultural do municipio de Ames e adaptándose ás demandas e necesidades dos/as usuarios/as da aula.

Asemade deberá colaborar co concello na elaboración de toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención do AMTEGA sobre a Aula CeMIT.

5.- RECURSOS TÉCNICOS DOS QUE DISPÓN A AULA CeMIT

- 15 PC
- 1 Impresora LaserJet HP
- 1 Impresora Deskjet HP
- 15 Cámaras Web
- 1 Cámara de fotos
- 1 Altofalantes
- 1 Shure Wireless Vocal
- 1 Proxector Sony

C.I.F.: P – 1500200 – I